

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, Y MEDIO RURAL Y MARINO  
CONFEDERACION HIDROGRAFICA DEL MIÑO-SIL  
REGISTRO DE ENTRADA OFICINA SERVICIOS CENTRALES  
15/06/2011 11:52:26  
E061201100002145



## Confederación Intersindical Galega

### Á CONFEDERACIÓN HIDROGÁFICA DO MIÑO SIL

[REDACTED], titular do documento de identidade nº [REDACTED], con domicilio en Ourense, Parque de San Lázaro nº 12-4º, en representación da Confederación Intersindical Galega, diríxome á Confederación Hidrográfica do Miño – Sil a fin de achegar as ALEGACIONES da CIG ao **“Plano Hidrolóxico (2010-2015) da parte española da demarcación Hidrográfica das bacías do Miño, Sil e Limia”**.

En Ourense, a 15 de xuño de 2011.

[REDACTED]  
[REDACTED]  
Secretario Confederal de Medio Ambiente da CIG



**Confederación Intersindical Galega**

**ALEGACIONES DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA  
AO “PLANO HIDROLÓXICO (2010-2015) DA PARTE ESPAÑOLA DA  
DEMARCAÇÃO HIDROGRÁFICA DAS BACÍAS DO MIÑO, SIL E LIMIA”**

**ALEGACIÓN DE CARÁCTER PREVIO**

**Descrición da Demarcación. Cuestión competencial.**

Antes de entrar nas consideracións das propostas do Plan, queremos deixar patente que malia que as competencias nas bacías do Miño, Sil e Limia son, segundo a o artigo 149 da Constitución española (22. □ *la legislación, ordenación y concesión de recursos y aprovechamientos hidráulicos cuando las aguas discurren por más de una comunidad autónoma, y la autorización de las instalaciones eléctricas cuando su aprovechamiento afecte a otra comunidad o el transporte de energía salga de su ámbito territorial.*) esta ten os seguintes efectos sobre a política do territorio da Galiza:

- Estas bacías ocupan a meirande parte do territorio galego, sendo só xestionada pola Comunidade Autónoma a franxa das rías (Galicia-Costa). Isto supón que, na práctica, a lexislación, xestión e ordenación dos recursos relacionados coa auga son competencia do Estado español. As bacías confórmanas non so os grandes ríos, senón tamén regatos e augas estacionais ou augas subterráneas que verten a eles. A

morfoloxía hidrolóxica galega afecta á práctica totalidade do territorio e marca a diferenza con outras grandes bacías do estado español, polo que a sociedade galega e a política agraria, forestal, de conservación do patrimonio natural, de conservación da biodiversidade, ou de explotación enerxética se ve condicionada por esta circunstancia diferenciadora.

- A situación actual lévanos a ter que asistir a unha duplicidade de funcións, e a un solapamento territorial e competencial. Velaí, por exemplo, a pesca fluvial, agricultura, xestión forestal, ou conservación da natureza. Todas estas areas son competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, mentres que as augas sono do Estado. A consecuencia disto está a duplicarse o gasto público e familiar, e a prexudicar seriamente á cidadanía á hora de facer trámites administrativos. Ademais constatase na práctica diaria que este exceso burocrático resulta ineficaz, inviábel e moi custoso, para finalmente non acadar os obxectivos que se pretenden. Por esta razón **compre solucionar e transferir a totalidade das competencias á Comunidade Autónoma de Galiza.**
- A modo de exemplo da xestión ineficaz podemos citar un caso que está nestes momentos de plena actualidade: a contaminación da presa das Conchas. A masa de auga é competencia da Confederación, mentres que a máis que posíbel causa da contaminación (que ten que ver cos usos agrícolas e cos tratamentos fitosanitarios) forman parte da ordenación e xestión do territorio e son competencia das administracións locais e autonómica.
- Ao longo da nosa exposición de alegacións vaise comprobar que a perspectiva da realidade galega non está plasmada adecuadamente no texto que se nos presenta. En todo caso, pensamos que, hoxe en día, a única competencia que debería ter a Confederación Hidrográfica, sería a de coordinación entre as diferentes administracións afectadas.

## **INCENDIOS FORESTAIS**

Os incendios forestais son tratados neste Plano Hidrolóxico como “accidentes”, polo deterioro temporal das masa de auga. Sen embargo, nós pensamos que o numero de incendios forestais (unha media de 9.000 incendios/ano) e os seus efectos non poden ser considerados accidentes, senón que constitúen unha **presión** máis que debe ser avaliada e corrixida. Quedan ao descuberto as limitacións que ten a Confederación Hidrográfica para xestionar a política forestal e a educación ambiental no territorio galego. De igual xeito, afirmamos que, sen ter en conta estes dous factores, non é posíbel xestionar adecuadamente. Neste contexto, reclamamos a consideración de “**presións**” para os incendios forestais, adoptando medidas específicas de carácter preventivo e estrutural.

En base ao anterior, propomos a aplicación, cando menos, das seguintes medidas:

- Control da vexetación da ribeira de xeito que se conformen uns cinturóns de seguridade que amortezan os impactos causados pola escorrentía das augas procedentes dos incendios e doutras presións que se puideran producir na area forestal ou agraria. Para o uso adecuado destes cinturóns, deberase ter en conta o tipo de solo, a vexetación e a hidroloxía, así como o relevo do terreo e o clima.
- Prohibición de repoboación nas marxes de ríos e regatos, tanto na zona de policía como na de dominio público ou servidume, con especies pirófitas tais como eucalipto ou piñeiro, especies descritas na disposición adicional II da Lei de Incendios de Galicia.
- Protocolo de restauración hidrolóxico forestal unha vez producido o incendio.

### **CAUDAIS ECOLÓXICOS**

Nas concesións preexistentes, este Plan Hidrolóxico fala da implantación dun réxime de caudais ecolóxicos mediante un “*proceso de concertación*”, sen

maior concreción. A nosa organización demanda que se defina con claridade dito proceso de concertación e que nel poidan participar as institucións e administración afectadas, así como as organizacións sociais.

Así mesmo, consideramos excesivo o prazo de determinación dos caudais máximos e a taxa de cambio pertinente para completar a definición do réxime de caudais ecolóxicos que se recollen no Plan, previsto para o 1 de xaneiro de 2016, sobretodo se temos en conta que esta demora vai influír directamente en actividades económicas con moito impacto no noso país e que xeran bolsas de postos de traballo, como é o caso da pesca da lamprea.

**Caudais ecolóxicos en condicións de seca prolongada:** Rexeitamos a redución ao 50% do caudal ecolóxico esixíbel. Propomos manter o caudal indicado no Anexo 6.1 en todo caso e en todas as masas de auga afectadas polo Plan Hidrolóxico.

A redacción do PH non xustifica en ningún momento a necesidade de excepcionalidade no mantemento do caudal ecolóxico. En todo caso, as masas de auga non son compartimentos estancos, polo que a aplicación de ditas excepcionalidades no cumprimento do caudal ecolóxico, pode afectar a outras zonas ou especies protexidas que desenvolven o seu ciclo vital en toda a masa, como é o caso do salmón.

**Caudais ecolóxicos de desembalse:** O caudal só poderá reducirse ata un máximo do 50% cando sexa para uso exclusivo de abastecemento á poboación, medida que deberá ir acompañada dun plan de restricións do uso da auga e de estimulación dun uso social responsábel.

**Cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos:** Deben desaparecer as excepcionalidades. Se hai un caudal mínimo, como a propia palabra o di, é mínimo, e non admite reducións por causa ningunha. A redución do caudal considerado como ecolóxico vai producir danos no ecosistema acuático e

ribeirán. Non hai xustificación técnica algunha, dado os avances tecnolóxicos, que xustifique dita redución, e menos aínda a seca temporal do río.

### **LIMITACIÓNS SOBRE OS APROVEITAMENTOS DE MINERÍA EXTRACTIVA A CEO ABERTO**

Pensamos que non se poden admitir excepcionalidades en caso algún, nomeadamente vertedoiros, e menos aínda en zonas de dominio público hidráulico.

### **AREAS OBXECTO DE PROTECCIÓN ESPECIAL**

As medidas de protección deberanse adoptar non só nas Zonas definidas como protección especial, senón en toda a masa de auga. Tamén se deben incluír os espazos naturais protexidos pola lexislación galega (Lei 9/2001, de Conservación da Natureza) e polos Tratados Internacionais.

### **PRAZOS DE PROTECCIÓN**

Consideramos excesiva e mesmo insultante establecer prazos tan longos para acadar un estado ecolóxico e químico adecuado. Dentro deste apartado chama a atención que se estableza como “meta” o ano 2027 para que ríos como o Barbaña, reiteradamente castigado por verquidos de orixe industrial, sen que a actual administración hidráulica faga nada eficaz para evitalo, acade dito estado ecolóxico e químico. Menos aínda se temos en conta que estamos a falar dun Plan Hidrolóxico para o período 2010-2015.

### **VERQUIDOS PROCEDENTES DE ZONAS URBANAS**

A redacción que se propón é inconcreta e difusa, na que se empregan termos relativos, ao contrario de noutras partes do Plan, como “preferentemente”, “poderá esixir” ou o establecemento de salvedades.

Propomos unha redacción máis estrita e rigorosa, que evite excepcionalidades e non permita incumprimentos flagrantes pero con cobertura legal.

Especificamente, resulta prioritario que, tanto nos proxectos de desenvolvemento urbano como nas áreas xa establecidas, se fagan redes de saneamento separativas de augas residuais e de escorrentía pluvial. Ambas redes deberán ter a depuración correspondente.

### **VERQUIDOS PROCEDENTES DE ZONAS INDUSTRIAIS**

Cada industria deberá efectuar un tratamento previo dos seus residuos, procedendo logo a un tratamento global de toda a zona industrial.

### **ESPECIES INVASORAS**

Bótase en falta unha maior descrición dos espazos que conteñen as masas de auga e unha análise sobre as especies de flora e fauna alóctona e potencialmente invasora, e o impacto que teñen sobre o noso ecosistema e mesmo para a saúde das persoas.

### **APROVEITAMENTOS HIDROELÉCTRICOS**

A cantidade de instalacións de aproveitamento hidroeléctrico semella ser máis que suficiente, polo que non se debe aprobar en ningún caso novas licenzas de explotación. En todo caso, habería que proceder á substitución de maquinaria e aos cambios tecnolóxicos necesarios para incrementar a potencia das xa existentes.

Por outra banda, a administración deberá ser escrupulosa na esixencia do cumprimento da normativa ambiental, nomeadamente no referido á calidade

das augas próximas ao establecemento de aproveitamento, tanto caudal arriba como caudal abaixo.

### **CANON SOBRE O USO DO AUGA**

Cando falamos da implantación dun canon da auga, debemos definir claramente qué tipo de aposta queremos realizar, racionalizar se hai razóns ou non para establecelo, valorar cara qué sectores e actividades debe ir dirixido e, finalmente, explicalo aberta e amplamente á sociedade.

Se ben a aplicación deste canon baséase no concepto de que a auga que empregamos é ensuxada e, en consecuencia, ten que posteriormente ser tratada, os esforzos deberán redobrase no camiño de esixir a non contaminación das augas, para o que se terá especial tesón na vixilancia e control por parte das administracións.

Pero quén ensuxa e contamina realmente a auga? A ninguén se lle escapa que non son os fogares os que contribúen en maior medida ao deterioro e contaminación da auga. É a actividade industrial a que ten maior cota de responsabilidade. Pensemos cántas vivendas e qué poboación faría falta para equipararse ao consumo, e conseguinte grao de contaminación, dunha soa canteira de extracción mineira, dunha planta de formigón, ou dun matadoiro.

Por outra banda, pensamos que é necesario ligar o canon coa produtividade xerada polo uso da auga, así como cos beneficios que dela se obteñen. Pensemos por exemplo nas actividades económicas non consuntivas, que, aínda sen chegar a consumir nin a contaminar directamente a auga –aínda que si provocando o seu deterioro e un importante impacto-, si lle saca un pingüe beneficio a un ben que nos pertence a toda a sociedade. Son estas actividades, como é o caso das hidroeléctricas, as que deben soportar un gravame como o que se está propondo.



Ao mesmo tempo cómpre a diferenciación do uso realizado polo sectores produtivos máis desfavorecidos da Galiza e que de xeito consuetudinario empregaron este recurso, como son o sector agrario e gandeiro, nos que un novo gravame non ten sentido.

Finalmente, hai que afondar no camiño de sensibilizar ao conxunto da sociedade de que a auga non é un ben ilimitado, polo que urxe reducir o consumo, pero gravar á cidadanía galega polo uso dun ben público é un concepto perverso ao mesmo tempo que inxusto.

### **RECURSOS HUMANOS PARA A APLICACIÓN DO PLAN HIDROLÓXICO MIÑO – SIL - LIMIA**

Os traballadores e traballadoras que realicen as súas funcións tanto nas redes de control coma tramitación, información e tódalas outras funcións que teñen relación con este Plan deberán ser persoal propio da administración hidráulica transferida á Comunidade Autónoma da Galiza. En especial o referente á inspección e vixilancia, que deberán ser ocupados por persoal funcionario público, dotado coa presunción de veracidade que lle corresponde como axentes da autoridade.

Por outra parte, pensamos que sería interesante implementar canles de colaboración entre as distintas administracións públicas que teñen competencia sobre o medio acuático así como universidades e centros de investigación co gallo dunha maior coordinación.

Dende a CIG rexeitamos a externalización de tarefas como a toma de mostras nos puntos de control, estudos de concas... e demandamos, unha vez máis, o axeitado dimensionamento do cadro de persoal da Xunta de Galicia, de cara a cumprir os obxectivos do Plan.

A sociedade galega, dende antigo, mostra preocupación pola conservación das masas de auga, tanto polo seu valor económico, coma social e ecolóxico. Por iso propomos realizar un programa de cooperación na detección de verteduras, limpeza e denuncia de posíbeis afeccións no medio. Tamén se debe traballar de cara unha maior sensibilización social no uso do auga, posta en valor das masas de auga e de coñecemento do Plan. Para estes programas é importante contar coas organización sociais e de defensa do medio natural.

## **PROGRAMA DE MEDIDAS**

### **PROPOSTAS DA CIG**

Propomos que se recollan e apliquen as seguintes medidas:

1. Incluír medidas para a vixilancia, control, prevención e erradicación das especies alóctonas invasoras e potencialmente invasoras.
2. Medidas destinadas á sensibilización da sociedade galega sobre os valores económicos dos ecosistemas acuáticos.
3. Plan de información sobre a aplicación do PH e de denuncia de alteracións no medio, que deberá contar cun teléfono e unha plataforma web de fácil acceso.
4. Medidas normativas de cara a conseguir uns ecosistema riparios de maior calidade e corredores ecolóxicos (lei 43/2007 de conservación da biodiversidade):
  - a. Nos procesos de concentración parcelaria, non se incluírán como superficie de terreo agrario a parcelar (na fase de reparto) os 25 metros de ribeira de ríos e regatos. Protexendo esta zona de accesos e rede viaria.
  - b. Na zona de servidume do Dominio Público Hidráulico, (5 metros) non se poderán realizar traballos agrícolas, incluídos os de labores, fertilización, sementeira e aplicación de tratamentos fitosanitarios, para que se conforme unha pequena área de amortecemento de presións debidas á contaminación difusa.

5. Programa de seguimento de colmatación de embalses e eliminación de sedimentos, nos que se deberá actuar tanto na prevención dos aportes como na súa retirada.
6. Articular na normativa que a calidade das augas devolta nos usos industriais, acuicultura, aproveitamentos hidroeléctricos, aproveitamento enerxético de forza motriz e centrais térmicas, deberá ter parámetros de calidade iguais (incluída a temperatura) aos que tiña antes da súa captación.
7. Cómpre artellar medidas normativas de cara a buscar a estabilidade do nivel de auga tanto na zona embalsada como no tramo situado entre a presa e as restitucións, así como na masa situada por debaixo da presa das instalacións hidroeléctricas, para así permitir o desenvolvemento correcto do ecosistema fluvial.
8. O Plan e a súa normativa debe contemplar, en primeiro lugar, un protocolo de medidas de cara á redución de consumo de auga debido a unha seca prolongada, e non actuar minguando os caudais ecolóxicos, por si xa efémeros, xa que a ausencia de caudal durante unhas horas ten efectos desastrosos no medio acuático.
9. As medidas a aplicar nos tramos catalogados no Plan como de interese natural serán esixibles e implementadas en toda a masa de auga que acolle dito tramo.
10. Nas autorizacións de verquido, no que á aplicación normativa a se refire, a administración hidráulica esixirá en todo caso que os aliviadoiros de crecida dispoñan dunha cámara de sólidos así como de dispositivos axeitados para impedir a saída de graxas e aceites.
11. Por mor de que hai un grave problema de aporte de hidrocarburos, entre outras sustancias, na escorrentía superficial urbana, e verquidos directos por canalización das augas pluviais ás masas de auga, estas augas deberán recibir algún tipo de tratamento físico previo ao dito verquido. Isto debe constar como un novo punto no artigo que trata os verquidos procedentes de zonas urbanas.

12. Compre a revisión e adaptación dos caudais ecolóxicos das concesións hidroeléctricas en funcionamento, tendo para iso en conta os métodos hidrobiolóxicos. Do mesmo xeito, debe establecerse control da calidade da auga turbinada e desembalsada, de cara a que teña uns parámetros de calidade hidrobiolóxica semellantes aos que tiña antes da súa captación. Tamén é preciso o establecemento dun réxime de avenidas ordinarias semellantes aos que tería o tramo regulado no seu estado natural.
13. Implantación dun plan de retirada de obstáculos no medio fluvial, incluídas presas que non cumpren a normativa en materia de protección ambiental ou de baixa produtividade (potencia instalada).
14. Propomos ademais realizar un planeamento serio das medidas correctoras das presións que actúan sobre a demarcación hidrolóxica. Planeamento ambicioso que non se quede en que “quen contamina paga”, e coa correspondente imposición de sancións, senón que obrigue de xeito claro ás empresas a cumprir a lexislación vixente (como exemplo cos caudais ecolóxicos) así como a restaurar o dano causado por mor da presión imposta.

### **IDIOMA**

A redacción non só ven integramente en castellano, sen versión no noso idioma, senón que se utilizan termos absolutamente extemporáneos e nada adecuados á realidade galega, chegando a nomenclaturas toponímicas que recordan á bárbara tradución franquista dos nomes dos nosos pobos, ríos ou montes. Exemplo ilustrativo de ditas barbaridades pode ser: “Arroyo de la Rivera Grande” referíndose ao Rego da Ribeira Grande, do Parque Natural do Invernadoiro.

